



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva Regulamento de cesión de uso de locais municipais

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2011, aprobou inicialmente o Regulamento da cesión de uso de locais no edificio municipal “Sara Vázquez” a asociacións sen ánimo de lucro. Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requirimento algún, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

A N E X O

REGULAMENTO DA CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO EDIFICIO MUNICIPAL “SARA VÁZQUEZ” A ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. O Concello de Culleredo ten competencia en materia de servizos sociais e reinserción social segundo dispón a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25, e a Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia nos artigos 80 e concordantes, desenvolvida de xeito particular nesta materia pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. O artigo 60º, desta lei “Competencias dos concellos”, atribue aos mesmos “c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais”

II. O Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Culleredo, do 4 de febreiro de 2008 (BOP nº 29), no seu Capítulo III “A vontade municipal de fomentar e apoiar o asociacionismo e o voluntariado”, artigo 55, dí que “para conseguir que as asociacións cidadás poidan desenvolver as súas actividades con plenas garantías o Concello colaborará en:...A aportación de recursos para promover a realización das súas actividades”

III. O Concello de Culleredo, por medio da Concellería de Benestar e Dinamización local, pretende facilitar a participación e traballo das entidades e asociacións recoñecidas como prestadoras de servizos sociais e de promoción da igualdade, no seu termo municipal, co fin de dar cumprimento as obrigas normativas derivadas do seu marco competencial, e tamén as resultantes do artigo 3º da lei galega de servizos sociais, na aplicación operativa dos principios de responsabilidade pública, solidariedade, participación e coordinación.

IV. En base a demanda que veñen manifestando as Asociacións que prestan servizos de carácter social no termo municipal que carecen de local, ou o que teñen non reúne ás condicións mínimas para desenvolver a labor que realizan, o Concello, a través da regulación establecida nesta Norma pretende paliar esta situación a través da cesión de uso de determinados locais municipais para o desenvolvemento do traballo destas entidades, en orde facilitar a súa labor e a súa intervención na poboación municipal .

V. O Regulamento estruturase en seis Títulos, vinte e catro artigos e unha Disposición Final, establecendo, no I Título o obxecto do Regulamento e da cesión de uso de locais e determinando a situación e disponibilidad de éstos no edificio municipal denominado “Sara Vázquez.

O Título II establece a organización entre as entidades beneficiarias da cesión e o Concello, coa constitución dunha Mesa Coordinadora como órgano de participación asociativa na xestión dos asuntos e servizos desenvolvidos nos locais cedidos e regulando a asemblea de usuarios

No Título III se establece o réxime de autorizacións por concorrencia competitiva, distinguindo a iniciación de oficio ou a solicitude dos interesados, establecendo a convocatoria pública e fixando os criterios de adxudicación a ter en conta en calquera dos casos

O Título IV regula o procedemento de concesión e a competencia para a resolución do mesmo que corresponde á Alcadía ou Concellería delegada con competencia na materia.

O Título V establece as normas xerais de uso dos locais, detallando as dos espazos comúns no edificio municipal, as de mantemento e horarios, e as actividades non autorizadas

As obrigas das partes e as causas de extinción da autorización veñen establecidas no Título VI do presente Regulamento e a Disposición Final establece a entrada en vigor do mesmo, cuxo articulado é o que segue:

TÍTULO I. DO OBXECTO E NATUREZA DO REGULAMENTO

Artigo 1 . Obxecto

1. É obxecto do presente regulamento a regulación e organización da cesión de uso dos locais existentes no edificio municipal “Sara Vázquez”, para á súa utilización polas diversas entidades asociativas prestadoras de servizos sociais e de promoción da igualdade.

2. As cesións de uso dos locais municipais teñen por finalidade facilitar ás entidades sociais un espazo onde poder desenvolver as súas actividades e conseguir os seus obxectivos.

Artigo 2. Espazos a ceder

Sitos na planta baixa, no primeiro e no segundo andar, do edificio Municipal “Sara Vázquez”, sito na Rúa Ramón Cabanillas, 12, en O Burgo-Culleredo.

Artigo 3. Obxectivos

Os obxectivos que se perseguen son os seguintes:

1. Servir de canalizadores da participación da iniciativa social do Concello
2. Apoiar ao movemento asociativo prestador de servizos sociais e de promoción da igualdade
3. Propiciar o encontro entre as entidades asociativas poñendo a súa disposición infraestrutura e recursos, e deste xeito servir de base á creación de sinerxias para a rendabilidade na prestación de servizos
4. Complementar e ordenar a rede municipal de servizos sociais prestados pola iniciativa social
5. Prestar apoio técnico e económico do Concello de Culleredo ao movemento asociativo

Artigo 4. Entidades que poden ser cesionarias e requisitos

1. Poderán ocupar espazos no Centro “Sara Vázquez” aquelas entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades de Galicia e no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais
- b) Estar inscritas no Rexistro de asociacións do Concello de Culleredo.

1. Deberán ser entidades sociais (Asociacións, ONGs, ONGDs, Fundacións,...) que traballen no ámbito social, sociosanitario ou da promoción da igualdade.

2. Unha entidade é considerada sen ánimo de lucro cando así esté recollido nos seus estatutos e non desenvolva actividade económica algunha, ou en caso de levala a cabo, que o seu beneficio repercuta no cumprimento das finalidades de interese xeral que estean recollidas nos seus estatutos, sen que se leve a cabo ningún reparto de beneficios directos ou indirectos entre os/as socios/as ou terceiras persoas.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN

Artigo 5. Mesa Coordinadora

1. Esta mesa é un órgano constituído para a participación asociativa na xestión dos asuntos e servizos desenvolvidos nos locais do edificio municipal “Sara Vázquez”.

2.- A Mesa coordinadora estará formada por:

- a) O/a concelleiro/a de Benestar social e Dinamización Local ou persoa en quen delegue, que ostentará a presidencia e terá voto de calidade
- b) Concelleiro/a de Sanidade e igualdade ou persoa en quen delegue.
- c) Dous representantes do conxunto das asociacións que teñan cedido o uso de espazo no edificio “Sara Vázquez”, que deberán ostentar a condición de presidente/a ou membro da Xunta Directiva.

d) O/a funcionario/a da Área de Benestar social e Dinamización Local, designado ao efecto, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto

3.- Son cometidos da Mesa, os seguintes asuntos:

a) Estudar e informar sobre o funcionamento das actividades desenvolvidas nos espazos do Centro.

b) Estudar e, no seu caso, ditaminar sobre queixas e suxerencias que se presenten.

c) Proponer ao órgano competente cambios nos horarios.

4.- Os dous membros da Mesa, en representación das entidades usuarias do Centro, serán designadas por maioría dos membros da Asemblea de usuarios e usuarias, constituídos ao efecto, e polo período dun ano.

5.- A Mesa celebrará sesión ordinaria con carácter trimestral, e extraordinaria cando, por convocatoria da Presidencia deban tratarse asuntos urxentes ou de interese extraordinario ou cando o solicite un mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

6.- As sesións serán convocadas pola presidencia, mínimo con catro días hábiles de antelación á data prevista para a celebración da sesión, salvo as extraordinarias que o sexan con carácter urxente, cuxa convocatoria poderá facerse con dous días hábiles de antelación. A convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a correspondente orde do día.

7.- Cando así o considerar a presidencia da Mesa coordinadora, a iniciativa propia ou a instancia dalgún membro, poderán incorporarse ás reunións da mesma representantes doutras entidades que, polos asuntos a tratar, poida considerarse de interese a súa participación. Neste suposto, as entidades que se incorporen terán dereito a voz, pero non a voto.

Artigo 6. Asemblea de Entidades Usuarias.

1.- A Asemblea de entidades usuarias estará constituída por todas aquelas asociacións ou entidades que sexan usuarias dos locais cedidos.

2.- Na asemblea poderá participar unha persoa por cada unha das asociacións ou entidades. Esa persoa deberá ser o/a presidente/a ou persoa na que delegue, neste suposto só poderá ser membro da Xunta directiva e deberá presentar a correspondente acreditación.

3.- Entre as entidades designarán un/unha presidente/a

4.- A Asemblea de Entidades Usuarias será convocada en sesión ordinaria pola Presidencia, polo menos unha vez ao ano e as súas propostas e conclusións deberán ser estudadas pola Mesa de Coordinación. Deberá reunirse, en sesión extraordinaria, cando así o soliciten, polo menos, a metade máis un dos seus membros ou así o considerase a presidencia da mesma.

5.- As sesións serán convocadas pola presidencia, mínimo con 4 días hábiles de antelación á data prevista para a celebración da sesión, salvo as extraordinarias que o sexan con carácter urxente, cuxa convocatoria poderá facerse coa antelación de 2 días hábiles. A convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración, así como a correspondente orde do día.

6.- É competencia da Asemblea a designación dos representantes na Mesa de Coordinación.

TÍTULO III. RÉXIME DE AUTORIZACIÓNS,

Artigo 7. Autorizacións

1. As autorizacións, que o serán en réxime de concorrencia, outorgaranse por tempo determinado sen que en ningún caso a súa duración, incluídas as prórrogas, sobrepase os catro anos.

2. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Órgano competente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, xeneren danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

3. O acordo de autorización do uso do local, que se formalizará en convenio asinado ao efecto, incluírá, en todos os casos:

a) O réxime de uso do local, exclusivo ou compartido.

b) A asunción dos gastos que se acorde así como o compromiso de utilizar o local segundo a súa natureza e de entrego no estado no que se recibiu

c) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención da obrigabilidade de formalizar a oportuna póliza de seguro, aval bancario ou outra garantía suficiente.

d) A aceptación da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns do interese público, nos supostos previstos no apartado 3 deste artigo.

e) A reserva por parte do Concello da facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que o mesmo é usado de acordo cos términos da autorización

f) O prazo e réxime de prórroga que, en todo caso, requirira a previa autorización.

g) As causas de extinción.

Artigo 8.- Autorizacións en réxime de concorrencia.

1. O procedemento para o outorgamento das autorizacións en réxime de concorrencia poderá iniciarse de oficio ou a solicitude de persoa interesada.

2.- A iniciación de oficio realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web e taboleiro do Concello, sen prexuízo de utilizar outros medios adicionais de difusión. Os interesados disporán dun prazo de 30 días durante o que poderán presentar solicitudes .

3.- Nos procedementos iniciados a petición de particulares, o Concello, por medio de anuncio público, dará publicidade ás solicitudes que se presenten, a través da súa publicación no BOP, na páxina web e Taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da posible utilización doutros medios adicionais de difusión e se abrirá un prazo de 30 días durante o que poderán presentar solicitudes por outros interesados.

Artigo 9.- Convocatoria pública

1. A convocatoria conterá necesariamente os seguintes extremos:

a) Indicación do presente Regulamento e da data e número do Boletín Oficial da Provincia no que está publicado.

b) Determinación dos locais dispoñibles e as súas condicións e horarios xerais.

c) Obxecto, condicións e finalidade da cesión.

d) Indicación de que a cesión se realiza mediante o procedemento de concorrencia competitiva.

e) Requisitos para solicitar a cesión de uso e forma de acreditarlos.

f) Criterios de valoración e a súa ponderación

g) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

h) Prazo de presentación das solicitudes.N

i) Documentos e informacións que deben acompañarse á petición.

j) Prazo de resolución e de notificación.

k) Indicación de que a resolución pon fin á vía administrativa, recursos procedentes e órgano ante o que interpoñelos, no seu caso.

l) Medios de notificación ou publicación utilizados.

2. A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que se lle dea a máxima publicidade no Taboleiro de Edictos do Concello e na web municipal.

3. O prazo de presentación das solicitudes establecerase nas respectivas convocatorias, tendo en conta o volume da documentación a presentar e a dificultade que entraña a súa obtención e non poderá ser inferior a 15 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 10. Criterios de adxudicación

Os criterios xerais a ter en conta para a adxudicación son os seguintes:

1. Entidades que teñan como fin o desenvolvemento de servizos, programas, proxectos ou actuacións vinculados á promoción da igualdade, a coperación, ao voluntariado, aos servizos sociais comunitarios ou especializados, ou servizos de carácter sociosanitario en Culleredo e comarca

2. Entidades que teñan unha traxectoria de traballo social en Culleredo e demostren unha coordinación cos diferentes departamentos municipais.

3. Entidades que non dispoñan dun espazo propio no Concello para o desenvolvemento da actividade da asociación

4. Programa de servizos ou actividades desenvolto no ano anterior e a previsión para o próximo exercizo

5. Número de socios/as

TITULO IV. PROCEDIMIENTO E PRAZO DE RESOLUCIÓN

Art. 11 Solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello achegando a seguinte documentación:

a) Instancia xeral, indicando o interese da asociación á hora de poder obter un espazo no edificio municipal "Sara Vázquez" subscrita pola persoa que acredite a representación da Asociación.

b) Copia dos estatutos e da acta fundacional

c) Documento acreditativo da inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia, no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais, e no Rexistro de asociacións do Concello de Culleredo. Para acreditar este último documento só é necesario indicar o número de inscrición no Rexistro municipal de Asociacións, na solicitude e a súa acreditación achegarase de oficio desde o citado Rexistro.

d) Documentos acreditativos da prestación de servizos de carácter permanente no Concello de Culleredo.

e) Memoria de actividades e memoria financeira do ano anterior, e programa anual e orzamento de servizos do ano en curso.

f) Presentación de declaración xurada onde quede constancia que carecen dun local propio onde poder desenvolver a súa labor en Culleredo.

Na solicitude deberase indicar tamén os horarios previsibles de uso para o correcto desenvolvemento dos seus fins, e se os servizos que van a prestar necesitan dun espazo permanente ou éste pode ser compartido.

Art. 12. Órgano competente para instruir e resolver

1. A instrución do procedemento compete ao servizo da Área de Benestar e Dinamización Local.

2. O órgano competente para resolver é o sr. Alcalde ou Concillería delegada.

3. A resolución, que se ditará no prazo máximo de tres meses, determinará nos supostos de autorización e en función da disponibilidad dos locais, as condicións e horario de uso que se recollerán no convenio a asinar entre ambas as dúas partes, en proba da súa conformidade.

4. A ausencia de resolución no prazo sinalado permite entender desestimada a petición.

TITULO V. DAS NORMAS XERAIS DE USO

Artigo 13. Usos

1. Os espazos cedidos serán, por norma xeral, de uso compartido, coordinándose os horarios das entidades e estará limitado a aquelas accións que son propias de cada organización e que estean recollidas nos obxectivos dos seus estatutos.

O acordo de cesión ou autorización de uso poderá concretar con maior amplitude este uso.

2. Os espazos cedidos poderanse acordar de uso exclusivo só de maneira excepcional e sempre e cando as características da actividade así o requiran e resulte suficientemente motivado no expediente

3. A utilización dos espazos comúns do edificio municipal, deberá ser solicitado e autorizado polo órgano competente, podendo empregarse ditos espazos para a realización de actividades puntuais.

Artigo 14. Mantemento

1. As entidades cesionarias están obrigadas á conservación dos espazos cedidos tanto de uso exclusivo como de uso compartido, así como os demais espazos e instalacións de utilización común e responderán dos danos que poidan xurdir do uso do mobiliario por parte dos seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, debendo proceder a súa reparación ou substitución por outros de igual ou semellante calidade, previa autorización do Concello.

2. Os gastos de teléfono, luz e auga dos locais cedidos para uso compartido ou individualizado correrán a cargo da entidade cesionaria, non podendo repercutir o seu importe no Concello.

Artigo 15. Horarios

1. Uso individualizado

As entidades beneficiarias dun despacho de uso individual poderán fixar o horario de apertura e peche segundo as súas necesidades, sempre e cando se respecte o horario de apertura e peche da instalación municipal

2. Uso compartido

a) Cando o espazo de uso cedido sexa a compartir cunha ou varias entidades, os respectivos convenios contemplarán os días e horarios en que poderán ser utilizados por cada asociación.

b) O uso fora do horario fixado deberá contar coa autorización previa do órgano competente do Concello.

Artigo 16. Espazos comúns

O Concello de Culleredo establecerá cales son os espazos de uso común no edificio municipal, a súa finalidade e o uso que se pode facer deles.

Artigo 17. Actividades non permitidas

No interior dos locais cedidos e dentro do respecto á autonomía da asociación, non se poderán desempeñar funcións que vaia en contra dos principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade persoal ou discrimine a persoas ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou orientación sexual ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Prohíbese a utilización dos espazos públicos cedidos para a realización de actividades económicas que non estean recollidas nos estatutos da asociación, facendo fincapé nas que poidan resultar molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.

Artigo 18. Responsabilidade Civil

As entidades beneficiarias da cesión de uso, deberán formalizar a oportuna póliza de seguro que garante a cobertura dos danos ou prexuízos que se poidan ocasionar.

TÍTULO VI. OBRIGAS DAS PARTES

Artigo 19. Das obriqas das cesionarias

1. Todas as entidades e asociacións estarán obrigadas a cumprir as normas xerais contidas neste Regulamento e, en concreto:

- a) Respetar os horarios establecidos no convenio de cesión
- b) Destinar o espazo cedido a finalidades propias da entidade, desenvolvendo o seu programa de actividades, como tamén o que estableza o convenio ou poda autorizar o Concello.
- c) Non realizar na Casa ningún tipo de publicidade mercantil de terceiros, excepto que sexa autorizado polo Concello, entendendo por publicidade todo aquilo que teña por obxecto promover a compravenda ou contratación de servizos e/ou bens das súas actividades.
- d) Respetar o uso para o que se concederon os espazos comúns.
- e) Non causar molestias a veciñanza da zona mentres se utilicen as instalacións, sempre tendo presente as medidas establecidas na normativa vixente.
- f) Manter os espazos asignados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.
- g) Responsabilizarse das chaves de cada un dos despachos, así como das dos arquivos pechando ambos e depositando as mesmas en conserxería, salvo que se acorde outra cousa.
- h) Non se pode ceder a terceiros, sexa ou non persoa socia da entidade, o uso do espazo que foi concedido.
- i) Transmitir á Concellería de Benestar Social, Muller, Xuventude e Solidariedade, calquera incidencia ou problema que poida xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- j) Reverter ao Concello, toda vez que se resolva o acordo de cesión ou autorización de uso, os espazos e bens obxecto da cesión no seu estado orixinario, exceptuando o desgaste sufrido polo uso.
- k) Publicitar a colaboración do concello en todos os eventos e elementos divulgativos deseñados e distribuídos, salvo excepcións daquelas actividades nas que a asociación teña obriga de facelo doutra institución pública en exclusiva.
- l) Achegar ao concello a memoria xustificativa de servizos, atencións ou actuacións concretas prestadas no Concello de Culleredo e para os veciños e veciñas de Culleredo. A memoria deberá conter datos cuantitativos e cualitativos e estimación de custos das medidas no municipio.
- m) Facilitar o acceso do persoal do Concello aos diversos espazos e proporcionar a información que lles sexa requirida.

Artigo 20. Facultades de inspección

O Concello dispón en todo momento da facultade de seguimento e inspección en canto á vixilancia do cumprimento destas normas, da normativa vixente e do acordo de cesión ou autorización de uso.

Así mesmo o Concello de Culleredo poderá exercer a potestade para inspeccionar si se comprobán incumprimentos graves por parte da entidade beneficiaria, podendo esixir o seu cumprimento ou extinguir a cesión ou autorización de uso.

Artigo 21. Obrigas do Concello

O Concello de Culleredo ten as seguintes obrigas:

- a) As que se deriven destas Normas Reguladoras e da legalidade vixente.
- b) Manter en boas condicións de salubridade e hixiene as instalacións.
- c) As reparacións e reposicións que teñen como fin o mantemento do edificio e o mobiliario.
- d) O mantemento do ascensor, extintores e sistema de alarma

Artigo 22.

As causas que poden motivar a extinción, ademais das sinaladas no artigo 7 do presente Regulamento, son as seguintes:

- a) Por vencemento do prazo do acordo de cesión ou das súas prórrogas
- b) Por acordo mutuo entre as partes
- c) Por renuncia da entidade ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos
- d) Pola realización de actividades, servizos ou outros non contemplados no convenio de cesión ou que vaian en contra das normas reguladoras, especialmente actividades económicas con lucro para particulares.
- e) Por disolución da entidade
- f) Pola necesidade motivada do uso do local para a prestación doutros servizos públicos que así o requiran.
- g) Por incumprimento das obrigas da cesionaria.

Artigo 23.

A extinción da cesión ou da autorización de uso non dará dereito á entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

Artigo 24.

Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión ou a autorización de uso a asociación deberá reintegrar ao Concello o uso do espazo e bens cedidos no termo máximo de quince días. En caso contrario será responsable dos danos e prexuízos que poidan ocasionar a demora.

Disposición Final.- Entrada en vigor.

Unha vez transcorrido o prazo de 15 días ó que se refire o art. 70.2 en relación co art. 65.2 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril, este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Culleredo, 20 de febreiro de 2012

O Alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego

2012/2604